CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

Praza do Concello, 1 - 32710 O Pereiro de Aguiar
Tel.: 988 25 93 85 / 629 317 011 / Fax: 988 25 93 95
www.concellopereiro.com / info@concellopereiro.com

IMPRESO DE LICENZA DE PARCELAMENTO/SEGREGACIÓN/DIVISIÓN DE TERREOS

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU DO/A REPRESENTANTE	
Nome e apelidos/Razón social	DNI/NIF/NIE
Nome e apelidos do/a representante	DNI/NIF/NIE
Enderezo	Localidade e CP
Correo electrónico	Teléfono

2. DATOS DA PARCELA	
Enderezo	CP
Parroquia	Polígono
	Parcela
	Referencia catastral
Acta de aliñación e rasante (expediente)	
Información urbanística (expediente)	
Outros expedientes relacionados	

SOLICITA ao Concello do Pereiro de Aguiar que, previos os trámites oportunos lle sexa concedida a oportuna LICENZA MUNICIPAL DE PARCELAMENTO/SEGREGACIÓN/DIVISIÓN DE TERREOS, de conformidade coa normativa de aplicación, para os efectos oportunos, polo que acompaña a documentación que a continuación se indica, e

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que os datos indicados son certos ao igual que é certa toda a documentación que se achega xunto a este escrito, e que as características indicadas reflicten fielmente as obras que se van realizar.
- Que achega toda a documentación preceptiva.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Se o solicitante é unha persoa física:
  - o Fotocopia do NIF/DNI/NIE do/a solicitante e do/a representante, no seu caso.
  - o Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
- Se o/a solicitante é unha persoa xurídica:
  - o Fotocopia do NIF/DNI/NIE do/a solicitante e do/a representante, no seu caso.

- Escritura da sociedade, poder ou documento acreditativo da representación.

- Se o/a solicitante é unha Comunidade de propietarios:
  - Fotocopia do NIF/DNI/NIE do presidente. No caso de que a solicitude a realice o administrador da Comunidade, fotocopia do DNI do/a administrador/a e documento que acredite debidamente a súa representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
  - Ademais acta da reunión de propietarios acordando a realización das obras.
- Certificación catastral descritiva e gráfica.
- Documento de aliñación e rasante.
- Reportaxe fotográfica da parcela, subscrita polo/a solicitante ou polo/a técnico/a redactor/a do proxecto.
- Plano de situación da parcela sobre a cartografía do planeamento municipal vixente.
- Proxecto técnico de parcelamento, redactado por técnico/a competente (1 copia), que incluirá o seguinte contido mínimo:
  1. Memoria na que se describa a finca a parcelar, coa súa referencia catastral; se xustifique o parcelamento e se describan as parcelas resultantes con expresión das súas superficies, lindeiros e localización.
  2. Memoria urbanística na que se xustifique o axuste do parcelamento ao planeamento vixente e a condición de edificable das fincas resultantes.
  3. Plano topográfico da parcela orixinal, a escala adecuada (mínimo 1:500), indicando os seus lindeiros e rasantes naturais.
  4. Plano de deslinde acotado da parcela orixinal, a escala adecuada (mínimo 1:500), no que se reflicta a aliñación oficial, e se delimite a parcela (ou parcelas) fóra da aliñación e que serán obxecto de cesión, indicando a súa superficie.
  5. Plano acotado de parcelamento a mesma escala, indicando a superficie e lindeiros das fincas resultantes.
  6. Ficha individualizada de cada parcela resultante co seguinte contido:
     a. Situación da finca, indicando se está ou non edificada.
     b. Plano a escala non menor de 1:500, con expresión dos seus lindeiros acotados e determinación xeométrica necesaria para a súa correcta e inequívoca identificación e trazado.
     c. Clase e categoría do solo en que se enclava.
     d. Uso do solo, altura, volumen e situación da edificación, ocupación máxima da parcela e o aproveitamento do subsolo (se ha houbera).
- No caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificación) do/a técnico/a dos/as técnicos/as redactores do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado/a ou incurso en causa de incompatibilidade.
- Xustificante do pagamento das taxas municipais (será confeccionada no momento da presentación da solicitude deste impreso).

ADVÍRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 26 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, "*A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos*". Así mesmo, "*a resolución administrativa que constata as circunstacias ás cales se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano.*"

O Pereiro de Aguiar, a de de 20

Asdo.: O/A solicitante

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

En cumprimento da Lei 15/1999, de 13 de decembro de 1999, sobre Protección de datos de carácter persoal, serán introducidos nun ficheiro automatizado do cal é titular o Concello do Pereiro de Aguiar, creado baixo a responsabilidade do mesmo, o cal atópase debidamente inscrito no Rexistro de Protección de Datos coa finalidade propia da nosa actividade. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ao seu tratamento a través do enderezo electrónico concello.pereirodeaguiar@eidolocal.es ou por correo postal ao enderezo: praza do Concello, n 1, 32710 O Pereiro de Aguiar, ou por fax ao nº 988 25 93 95

A presente comunicación correctamente formalizada producirá efectos dende a data da súa presentación no Rexistro ou calquera medio válido segundo o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.